



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:

DIEGO GARCÍA DOVAL, SECRETARIO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA),

**C E R T I F I C O:** Que, con data do vintedous de febreiro de dous mil dezasete, o Señor Alcalde ditou o Decreto que transcribo literalmente a continuación:

## **"DECRETO DA ALCALDÍA 55/2017"**

**Asunto:** Contratación laboral temporal dunha técnica de museo, a xornada parcial (28 horas/semana), durante dous meses, na modalidade contractual de obra ou servizo determinado, ao abeiro da subvención concedida pola Excma. Deputación Provincial da Coruña a través das bases do programa publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 94 do 19 de maio de 2016 e da resolución da concesión definitiva publicada no número 223 do 24 de novembro de 2016.

Logo de ver a acta da reunión do quince de febreiro de dous mil dezasete do tribunal designado mediante o meu decreto 19/2017, do 27 de xaneiro de 2017, na que se conteñen as cualificacións dos/as candidatos/as trala valoración dos méritos en concurso e da entrevista profesional en que consistiu o proceso de selección, de acordo coas bases aprobadas mediante o decreto 4/2017 do 5 de xaneiro de 2017, e a proposta de contratación da primeira cualificada dona Rosa M<sup>a</sup> Espiñeira Pan (32.413.030-G), e de formación da bolsa prevista coa prelación establecida.

Unha vez publicada a valoración dos méritos na web do Concello e no taboleiro municipal durante cinco días naturais, presentou reclamacións á mesma dona Elisa Amigo Vázquez o 20 de febreiro de 2017 (RE 403).

Logo de reunirse o tribunal o día vinte e dous de febreiro de dous mil dezasete, en uso da súa discrecionalidade técnica, propón desistir a reclamación presentada e ratifícase na súa proposta do 15 de febreiro de 2017.

Logo de ver que o día vinte e un de febreiro de dous mil dezasete (RE 412) dona Rosa M<sup>a</sup> Espiñeira Pan presentou no departamento de persoal do Concello os documentos indicados na base oitava das de selección aprobadas.

Logo de ver o informe de fiscalización emitido en relación á miña proposta do 22 de febreiro de 2017 pola señora Interventora, nesa mesma data, no que conclúe que "(...) Á vista do exposto esta Intervención Municipal fiscaliza de conformidade a proposta de contratación presentada a esta Intervención pola Alcaldía en data 22 de febreiro de 2017".

En uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de acordo co Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e coas bases 9<sup>a</sup> e 10<sup>a</sup> das aprobadas para o presente proceso,

## **RESOLVO**


1.- Desestimar a reclamación presentada por dona Elisa Amigo Vázquez, polos motivos indicados polo tribunal de selección na acta da súa reunión do 22 de febreiro de 2017.

2.- A contratación da primeira cualificada no procedemento, na modalidade, condicións e durante o tempo indicado nas bases de selección:

DONA ROSA M<sup>a</sup> ESPIÑEIRA PAN (técnico de museo, grupo I, vinte e oito horas semanais)

3.- A formación da bolsa prevista nas bases cos seguintes integrantes e orde de prelación:

- |                           |                         |
|---------------------------|-------------------------|
| 1. Iria Ladra Mancebo     | 6. Elisa Amigo Vázquez  |
| 2. Paula De Llano Tenjido | 7. Beatriz Parga Méndez |
| 3. Violeta González Forte | 8. Jessica Catrufo Ures |





## Moi Leal e Excellentísmo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:

4. Adrián Pena Bermúdez  
5. M<sup>a</sup> Lucía Varela Fachal

9. María José Macías Rodríguez

4.- Publicar unha copia deste decreto no taboleiro de edictos do Concello en cumprimento da base 7<sup>a</sup> das aprobadas, coa indicación de que este acto pon fin á vía administrativa e que as persoas interesadas poderán interpoñer contra del recurso de reposición perante esta Alcaldía no prazo dun mes (segundo o establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas) ou directamente recurso contencioso-administrativo perante o órgano e no prazo indicado na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa".

E para que conste no expediente de referencia en cumprimento do art. 177.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido o presente, formado por dúas páxinas, numeradas do un ao dous e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, por orde e co visto e prace do señor Alcalde, en Carral a vintedous de febreiro de dous mil dezasete.

Vº e pr.  
O ALCALDE

José Luis Fernández Mourino

